



INFORMACIÓN DO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

ORDE do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, en educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2018/19. DOG Nº 95. 21/05/2018.

- **Destinatarios:**

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º, e 6º de EP e en **1º, 2º, 3º e 4º da ESO** no curso 2018/19.
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º de EP, e en **educación especial (EE)**; así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na **disposición adicional primeira (discapacidade \geq 65%)** e na disposición segunda (necesidades específicas de apoio educativo **(NEAE)**)
- **Axudas para adquirir material escolar:** alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

De acordo ao artigo 5 da mesma,

O alumnado deberá conservar en bo estado e **devolver os libros de texto recibidos** do fondo solidario no curso 2017/18, o **26 de xuño**, ou o **6 de setembro de 2018** para o caso do alumnado con materias pendentes.

A falta de devolución dos libros de texto será causa de **exclusión** da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir material escolar no curso 2018/19.

- **Prazos:** do 22 de maio ao 22 de xuño.
- **Presentación de solicitudes:**
 - Preferiblemente por vía electrónica nos formularios dispoñibles na aplicación **Fondolibros** (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) e través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
 - Presencialmente nos centros ou rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.